

O PSOE de Paradela afirma que o Alcalde é “cómplice” de que a Xunta pase a cobrar ós veciños 8.000 euros máis pola recollida do lixo

Os socialistas aseguran que “lles parece incriíble” que o Goberno municipal non apoiase a moción presentada por eles para rexeitar o canon de SOGAMA, e acusan ó Rexedor de “consentir a decisión do Sr. Feijóo, quen un bo día decidiu subir esta taxa co fin de facer caixa”

Consideran que “as persoas que están hilvanando estas cousas dende que o PP ten maioría absoluta están levándonos a unha esquizofrenia total e absoluta, xa que é imposible que os veciños aguantemos todos estes custos”

Pídenlle ós Gobernos do Partido Popular “que deixen de enganar ós cidadáns”, pois esta suba “non lle supón nada nin á Xunta nin ó Concello, pero si que, pola contra, repercute no peto das persoas”

O PSdeG-PSOE de Paradela “non dá crédito” ó resultado da moción presentada por este Grupo no Pleno de onte, na que se solicitaba que o Concello rexeitase decididamente o canon de SOGAMA imposto pola Xunta de Galicia, e que supón un incremento do 34% con respecto á taxa anterior. Tendo en conta que a iniciativa prosperou grazas ós votos do Partido Popular e que este incremento implica un novo imposto para os veciños, os socialistas afirman que “nos parece incriíble que non acepten negociar este asunto, tal e como demandabamos na proposta. Por tanto, o Alcalde consinte claramente que a Xunta pase a cobrar o vindeiro ano máis polo mesmo servizo”. Deste xeito, aseguran que o Rexedor “é cómplice da decisión do Sr. Feijóo, quen un bo día decidiu subir esta taxa co obxectivo de facer caixa. Os gobernos do Partido Popular gobernan a base de que paguen os cidadáns”.

Neste senso, a voceira municipal do PSOE neste Concello, Sonsoles López, afirma que “antes de que estivese o PP na Xunta e no Goberno, sabíamos que dos Consellos de Ministros e autonómicos saía algo que nos beneficiaba. Agora, dende hai dous anos, é para poñerse a temblar. As persoas que están hilvanando estas cousas dende que o Partido Popular ten maioría absoluta no Estado e en Galicia están levándonos a unha esquizofrenia total e absoluta, xa que é imposible que os veciños aguantemos todos estes custos”.

Uns 8.000 euros máis polo mesmo servizo

Con este incremento, as 652 vivendas de Paradela que aparecen rexistradas no Instituto Nacional de Estatística (INE) están obrigadas a desembolsar por este servizo 12 euros máis ó ano. É dicir, coa súa aplicación, en 2014 os cidadáns deste municipio terán que desembolsar 7.824 euros máis polo mesmo servizo. “Sinceramente agardabamos que o Alcalde fose responsable e non rexeitase a nosa proposta, pero lamentablemente fixo todo o contrario. Visto o resultado, hoxe pedímoslle que deixe de enganar e que diga a verdade porque esta suba non lle supón nada ó Concello, e só repercute no peto dos cidadáns. O novo canon é unha decisión política, que xurde co afán único de recadar, pois vén motivada pola decisión do Goberno Central de suprimir as primas para a xeración de enerxía renovable e á da Xunta de anular o plan do bipartito”, concluíu a socialista.

29 de novembro de 2013

Saúdos,
Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo